



**Acta da reunión de apertura en acto público, de sobres B para adxudicación da poxa á alza, mediante o procedemento de presentación de ofertas en sobre pechado con apertura en acto público, da embarcación patrulleira "Serra Barbanza".**

LUGAR: sala de xuntas da Secretaría Xeral Técnica da Consellería do Mar (Edificios administrativos de San Caetano, edificio nº 5, 2º andar -Santiago de Compostela).

DATA: 4/5/2021      HORA: 13:30 horas

ASISTENTES:

PRESIDENTE: Roberto Corbal González, subdirector xeral de Coordinación Orzamentaria e Contratación

POLA INTERVENCIÓN DELEGADA: Mª Patricia Rodríguez Fernández, interventora delegada da Consellería do Mar

POLA ASESORÍA XURÍDICA: Roberto Calaza Parajes, Asesor xurídico da Consellería do Mar.

SECRETARIO: José Luis Andújar Pose, xefe do servizo de Contratación e Réxime Patrimonial

VOGAL: Lino Sexto Bermúdez, subdirector xeral de Gardacostas

ORDE DO DÍA:

1. Comprobación da documentación de emenda do sobre A requirida a Rutas Rías Baixas SLU  
Acto público:
2. Información da cualificación da documentación presentada e das oferta admitidas
3. apertura dos sobres B coa oferta económica para a poxa
4. acordos

DELIBERACIÓNS E ACORDOS

1. Compróbase polos membros da mesa que a documentación de emenda, achegada por Rutas Rías Baixas SLU para a 1ª convocatoria da poxa é correcta e admítese a súa oferta.
2. Comeza o acto público, ao cal non asiste ningunha persoa allea á mesa de contratación.



Ábrense os sobres B referidos á primeira convocatoria da poxa co seguinte resultado:

Entidade ofertante	Oferta (€)
<b>1ª CONVOCATORIA:</b>	
Rutas Rías Baixas SLU	11.021

Acordos:

Acórdase por unanimidade propoñer, de acordo co punto 12 do prego de condicións que rexe a poxa, a adjudicación da poxa da embarcación “Serra Barbanza” a Ruas Rías Baixas SLU no importe ofertado de 11.021 €.

Rematada a reunión redáctase a correspondente acta que se asina en proba de conformidade.

O presidente

O secretario